CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar con relativa autonomía os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	TI	37
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir información moi simple de textos moi curtos como tarxetas de invitación, festas etc.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiáns; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.

UD	Título da UD	Duración
6	Wie komme ich zum Kino?	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	- Comprender o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, relacionados fundamentalmente cos contidos da Unidade (descripción dun itinerario, dunha cidade etc.).	PE	66
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria (indicar direccións, describir itinerarios, falar do pasado....).		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas cos contidos traballados na Unidade, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos, a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica, así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	TI	34
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir a terceiras persoas información moi sinxela de textos moi curtos coma sinais, letreiros, horarios etc.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Aplicar, de xeito elemental, os coñecementos doutras linguas na produción de textos.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando prexuízos lingüísticos e culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía baséase principalmente nos seguintes principios:

- O carácter experimental da aprendizaxe: as actividades e os exercicios están deseñados para que o alumnado faga

hipóteses, procure posibles solucións e, finalmente, verifique a súa adecuación.

- A construción de novas aprendizaxes a partir de coñecementos adquiridos.
- A progresión en espiral dos contidos, para que o alumnado os revise, os reintegre e amplíe.
- A autonomía na aprendizaxe: promover que o alumnado faga un uso activo da lingua e que siga aprendendo máis aló do curso escolar.

De acordo cos principios metodolóxicos antes expostos prestaremos especial atención ao seguintes aspectos:

1. A lingua en situación. O punto de partida de todas as actividades é unha situación de comunicación que permite contextualizar os diferentes elementos lingüísticos: actos de fala, gramática, vocabulario.

2. O traballo colaborativo. Moitas das actividades son realizadas en parellas e en pequenos grupos, para favorecer a interacción entre o alumnado e entre o alumnado e o profesorado, promovendo así a comunicación auténtica dentro da aula.

3. A práctica das destrezas comunicativas. Dende o primeiro momento, practicamos na aula todas as competencias: escoitar, falar, ler e escribir.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Empregamos como libro de texto: Prima aktiv. A1.2. Kursbuch. Edit. Cornelsen, Berlín, 2022, xunto co

correspondente libro do alumno: Prima aktiv. A1.2. Arbeitsbuch. O material está pensado para o ensino do alemán como lingua estranxeira e para cursos de poucas horas semanais, coma é o caso. As Unidades son breves e permiten a práctica de todas as destrezas.

Utilizaremos ademais outros recursos como: exercicios de gramática interactivos, resumos e esquemas de gramática, lecturas extraídas de diversas fontes relacionadas coa cultura dos países de fala alemá, lectura de obras breves simplificadas, videos sobre aspectos lingüísticos e culturais, series orientadas á aprendizaxe da lingua coma Nicos Weg! ou informativos con noticias de interese para os adolescentes, coma Logo!.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Adicaranse tres sesións á avaliación inicial. Esta levarase a cabo por medio dunha proba escrita do nivel A1.1. , que o alumnado realizará individualmente na aula. As probas serán recollidas e revisadas pola persoa docente, para determinar as dificultades e os coñecementos do curso anterior adquiridos. Posteriormente entregaranse as probas ao alumnado e corríxiranse de forma conxunta, facendo especial fincapé nos erros básicos e comúns. A comprensión e expresión oral avaliarase por medio de actividades individuais e de grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	16	17	16	18	100
Proba escrita	70	68	68	68	63	66	67
Táboa de indicadores	30	32	32	32	37	34	33

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial obterase do resultado das probas escritas e orais e do seguimento do traballo na aula. Farase redondeo da cualificación que pase do medio punto no enteiro superior.

a) Probas escritas e orais. Computan o 75% da cualificación final. Realizaremos unha ou dúas probas cara ao final do trimestre, que incluírán os cinco bloques da programación:

- Comprensión de textos orais (Hörverstehen)
- Produción de textos orais (Sprechen). A expresión oral poderá avaliarse por medio dunha proba específica e /ou na práctica diaria do alumno na aula.
- Comprensión de textos escritos (Leseverstehen)
- Produción de textos escritos (Schreiben)
- Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe (Grammatik und Wortschatz. Landeskunde). Cada un dos bloques terá un peso equilibrado na cualificación, sendo desexable que o alumno acade un mínimo en cada un deles, puidendo, non obstante, compensar unha nota insuficiente nalgún dos apartados das probas cunha nota alta noutro.

b) Traballo de aula. O 25 % restante da cualificación dependerá da avaliación dos seguintes aspectos: realización de tarefas na casa e na aula. Neste apartado incluimos breves controis, tests, cuestionarios para verificar a asimilación progresiva das aprendizaxes; composición de textos escritos; elaboración de breves presentacións e exposicións na aula; realización de actividades e exercicios na aula sen excesivas

distraccións.

Valorarase positivamente a coidada presentación das actividades e dos traballos e a puntualidade na entrega. O alumnado que por motivos xustificadas non poida realizar unha proba de avaliación ou un control, deberá realizalo como norma xeral o primeiro día que se reincorpore á aula, despois de xustificar debidamente a falta e dentro do prazo establecido. No ensino semipresencial ou non presencial, o alumnado recibirá a través da Aula Virtual as indicacións, materiais e recursos necesarios para seguir o curso con normalidade: actividades e exercicios de reforzo do libro de texto e doutros materiais; unha selección de recursos en Internet para practicar as destrezas lingüísticas. As probas non presenciais levaranse a cabo por medio da Aula Virtual e / ou videoconferencia.

Por último, ao alumnado que faga uso de materiais ou recursos non permitidos na realización das probas, retiraráselle o exame, que será cualificado cun cero. Por outro lado, as tarefas que foran manifestamente copiadas recibirán igualmente a puntuación mínima.

Ao longo do curso lévanse a cabo tres avaliacións parciais e unha final. Tal e como indica a Orde do 3 de maio de 2023, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do 21 de xuño de 2024 e deberá coincidir coa terceira avaliación parcial.

A cualificación da terceira avaliación parcial e final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións parciais, efectuando redondeo no seguinte número

enteiro das cualificacións que pasen na súa aproximación decimal do medio punto. Elaborarase un plan de reforzo individualizado para o alumnado que non aprobe a materia na avaliación final, que recollerá as orientacións e as actividades de reforzo necesarias para poder progresar na aprendizaxe e recuperar a materia.

Criterios de recuperación:

Tendo en conta o carácter progresivo no proceso do ensino e aprendizaxe da lingua estranxeira, así coma a revisión e o reforzo continuo de contidos e estándares anteriores, o alumnado terá a posibilidade de recuperar unha avaliación suspensa aprobando a avaliación do seguinte trimestre. Polo tanto non se realizarán probas específicas de recuperación.

Farase un seguimento específico do alumnado con maiores dificultades, proporcionándolle orientación e actividades adicionais de reforzo, co obxecto de facilitarlle o proceso de recuperación.

Antes da data na que se realizará a sesión da terceira avaliación parcial e final, o alumnado que non aprobara a materia ao longo do curso deberá presentarse a unha proba de carácter global, que recollerá as aprendizaxes mínimas da programación didáctica. Esta proba será cualificada de 0 a 10, sendo un 5 a nota mínima para aprobar. A esta proba poderá presentarse igualmente o alumnado coa materia xa aprobada, pero que queira mellorar a súa cualificación, sen que unha cualificación inferior lle baixe a que xa acadara.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia de alemán de 1º da ESO pendente, deberá preparala ao longo do curso, realizando unha proba por trimestre. Farase un seguimento específico do traballo na casa e na aula.

1. Distribución de Unidades didácticas por trimestre.

1º trimestre: Unidades da 1 á 4.

2º trimestre: Unidades da 5 á 7.

3º trimestre: Unidades 8 e 9.

2. Materiais e recursos didácticos.

- Libros de texto do curso 2022_2023

. Prima aktiv. A1.1. Kursbuch.

Edit. Cornelsen, Berlín, 2022.

. Prima aktiv. A1.1. Arbeitsbuch.

Edit. Cornelsen, Berlín, 2022.

Opcionalmente:

- Recursos dixitais da editorial en cornelsen.de/webcodes.

- Materiais e exercicios en “Cornelsen Pageplayer-App”.

3. Sistema de avaliación e cualificación.

Realizarase unha proba por trimestre que recollerá as competencias lingüísticas de comprensión lectora, produción escrita, comprensión oral, gramática e cultura.

A expresión oral será avaliada ao longo de cada trimestre na aula, por medio de preguntas e actividades na aula, breves presentacións ou probas. As destrezas terán un peso equilibrado nas cualificacións, puidendo compensarse unhas con outras na cualificación. O

resultado de cada proba representa o 70% da cualificación de cada avaliación. O 30% restante obterase por medio da valoración do traballo de clase: o alumnado deberá entregar os exercicios e actividades do libro de aula (Kursbuch) e do alumno (Arbeitsbuch) que se lle indicarán en cada trimestre. Unha avaliación superada permite recuperar a anterior ou anteriores. A cualificación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións. No caso de non aprobar a materia na 3ª avaliación, o alumnado realizará unha proba global antes da 3ª avaliación final. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e o resultado obtido será a cualificación da 3ª avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

A Orde se 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade establece os seguintes casos:

- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Alumnado con necesidades educativas especiais.
- Alumnado en situación de vulnerabilidade educativa e/ou cultural.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso
- Alumnado que pase de curso con materias sen superar.

Esta Orde establece a adopción de medidas como adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles ou a atención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, que servirán para atender aos catro primeiros casos.

No caso de alumnado con altas capacidades, propón un programa de enriquecemento curricular co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

Para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, o equipo docente elaborará un plan personalizado de reforzo, baixo a coordinación do profesorado tutor.

E para o alumnado que pase de curso con materias sen superar, haberá un plan de reforzo do profesorado que lle imparta a materia que ten pendente.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e T.I.C.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero e diversidade afectivo - sexual.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a representacións teatrais, cine, exposicións. Visitas.	Valorarase a oferta na programación cultural preferentemente de Coruña.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización), correspóndense co previsto na Programación.
3. Os resultados de avaliación son os esperados, tendo en conta o traballo e actitude mostrada polo alumnado.
7. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados, en función do traballo e o rendemento do alumnado.
Metodoloxía empregada
2. Os prazos de entrega das tarefas corrixidas e das probas son axeitados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Os materiais e recursos empregados son interesantes e motivadores para o alumnado.

Clima de traballo na aula

5. Conséguese un bo ambiente de traballo na aula.

6. A motivación e o grao de satisfacción do alumnado coa materia e coa persoa docente.

Descrición:

1. Para avaliar este indicador de logro, revisaránse con regularidade que os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os establecidos na programación. As posibles modificacións e as súas causas serán recollidas na memoria final de curso e serán tidas en conta na elaboración da programación do próximo curso. En concreto, observarase se o alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe pode seguir o ritmo de traballo na aula e, ao mesmo tempo, proporanse actividades alternativas para o alumnado con maior rendemento.
2. Este indicador mide a eficacia dos instrumentos de avaliación, tentando que transcorra o menor tempo posible entre a realización das tarefas e probas e a súa corrección.
3. Por medio deste indicador analizamos se as previsións dos resultados de avaliación, a partir da observación do traballo na aula, correspóndense coa cualificación obtida polo alumnado na avaliación. En caso de que haxa unha diverxencia significativa, reconsiderarase o sistema de traballo na aula. No caso de dedectar dificultades, revisaremos e reforzaremos aspectos básicos, antes de seguir con novos contidos.
4. Por medio deste indicador avaliamos se os materiais e recursos empregados son instrumentos útiles para conseguir unha maior motivación do alumnado e unha mellora na súa aprendizaxe.
5. Observarase o ambiente na aula para propiciar un bo clima de traballo, adoptando as medidas necesarias para acadar este obxectivo: colocación específica do alumnado na aula, fomento de estratexias e actividades colaborativas, mediación etc.
6. Este indicador será avaliado por medio dun cuestionario anónimo despois de cada avaliación e ao final de curso.
7. Este indicador pretende medir o acerto da observación do traballo na aula e afectividade das medidas adoptadas ao longo do curso, para mellorar o rendemento do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Seguimento: ao remate de cada unidade didáctica rexistrarase no caderno de aula un seguimento centrado principalmente no grao de cumprimento e nas propostas xerais de mellora.
2. Avaliación. Para avaliar a programación ao final de curso teranse en conta os seguintes aspectos:
 - a. Resultados académicos do grupo.
 - b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
 - c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, motivos das modificacións.A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se recollerán na memoria final e na programación do vindeiro curso.

9. Outros apartados